

ACTA Nº 18/2017 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/22.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO. INTERVENTORA.

ÍNDICE:

1.- Expediente 6043/2017. Aprobación, se procede, das actas nº 14/2017 de 6 de novembro, nº 15/2017 de 23 de novembro e nº 16/2017 de 1 de decembro.....	Páx.3
2.- Expediente 6026/2017. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 29122017.....	Páx. 3
3.- Expediente 5924/2017. Dación de conta dos informes de morosidade e período medio de pago do Concello de Lalín e o Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 3º trimestre de 2017.....	Páx. 10
4.- Expediente 5853/2017. Aprobación do cadro de prezos de acometidas-contadores. Servizo Auga. Espina e Delfín.....	Páx. 11
5.- Expediente 5613/2017. Comparecencia da Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente, acordada no Pleno de 01/12/2017, para dar conta das xestións realizadas na tramitación do ENIL "Fraga de Casas Vellas.....	Páx. 12
6.- Expediente 5607/2017. Comparecencia do Sr. Alcalde, acordada no Pleno de 01/12/2017, para que dea explicacións sobre o proceso de tramitación do ENIL ante a Xunta de Galicia.....	Páx. 24
7.- Expediente 5964/2017. Solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde ante o Pleno a petición propia en relación á solicitade dunha auditoría sobre problemas en varios edificios municipais.....	Páx. 24
8.- Expediente 5965/2017. Moción do grupo de goberno para solicitarlle á Consellería de Educación e que realice as actuacións de mellora necesarias no pavillón de Vilatuxe e que se instale unha escaleira de emerxencias no colexio Vicente Arias de la Maza.....	Páx. 25
9.- Expediente 5962/2017. Solicitude do PP de comparecencia do Alcalde, Rafael Cuíña, polo derrubo da ponte de Bustelos e o expediente que se tramitou para a contratación de dita obra.....	Páx. 29
10.- Expediente 5961/2017. Moción do PP para o acondicionamento de camiños en Vilasoa e A Veiga e ancheado do acceso a Praduxao.....	Páx. 30
11.- Expediente 5963/2017. Moción do PP para a recuperación do programa de infravivenda municipal no Concello de Lalín.....	Páx. 35
12.- Expediente 5966/2017. Moción do Concelleiro non adscrito relativo aos regulamentos de recoñecemento de premios e distincións polo Concello de Lalín.....	Páx. 38
13.- Rogos e preguntas.....	Páx. 39

Sendo as **nove horas** do venres, **día 29 de decembro de 2017**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Non asisten nin a concelleira *D^a. Eva M^a Montoto Méndez (PP)* nin a Sra. Interventora, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 6043/2017. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 14/2017 DE 6 DE NOVIEMBRE, Nº 15/2017 DE 23 DE NOVIEMBRE E Nº 16/2017 DE 1 DE DICIEMBRE.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 14/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro, Nº 15/2017 da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 23 de novembro e a Nº 16/2016, da sesión ordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2017.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as actas Nº 14/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro, Nº 15/2017 da sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 23 de novembro e a Nº 16/2016, da sesión ordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- EXPEDIENTE 6026/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 29122017.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 5924/2017. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO DO CONCELLO DE LALÍN E O PADROADO CULTURAL DE LALÍN CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2017.-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 3º trimestre de 2017 elaborados pola Tesourería Municipal. A continuación o Sr. Secretario procedeu a dar lectura do resume dos mesmos.

Seguidamente, o Pleno da Corporación:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 3º trimestre de 2017 emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente, acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao 3º trimestre de 2017, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 28 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 4,87 días.

Cuarto.- Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao 3º trimestre de 2017 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 20 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 10,889 días.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- EXPEDIENTE 5853/2017. APROBACIÓN DO CADRO DE PREZOS DE ACOMETIDAS-CONTADORES. SERVIZO AUGA. ESPINA E DELFÍN.-

A Presidencia deu conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 14 de decembro de 2017. A continuación, o Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 26 de decembro de 2017.

Na rolda de intervencións **Dª. Teresa Varela Fisteus**, edil delegada de facenda explicou que se trataba de aprobar os prezos das acometidas particulares que a empresa Espina y Delfín S.A. cobraba aos particulares, tal e como constaba no

contrato vixente. Ese incremento chegaba ao 1,6 % sobre os prezos do ano anterior.

Desde o grupo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** amosouse de acordo coa proposta, xa que se trataba de cumprir un contrato asinado coa empresa do servizo de augas e sumidoiros, e por responsabilidade ían votar a favor. Non obstante lembrou que cando eles gobernaban, a oposición votaba en contra desta clase de expedientes.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **APROBOUSE o expediente** do seguinte tenor:

Visto o escrito presentado pola empresa ESPINA Y DELFÍN, S.L., concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Auga potable, Sumidoiros e Depuración de augas residuais do Concello de Lalín, no que presenta os novos prezos de acometidas, contadores e outros correspondentes o servizo anteriormente indicado, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Aprobar o novo cadro de prezos de acometidas, contadores e outros para o ano 2018 segundo o documento que acompaña a esta proposta, salvo o apartado final denominado “Gestión de Cobros a impagados”, xa que a competencia para o cobro en executiva deste Concello tena a Deputación de Pontevedra por delegación por acordo de Pleno de data 12 de maio do 2000, asinando o convenio de data 8 de xuño de 2000.

5.- EXPEDIENTE 5613/2017. COMPARECENCIA DA SRA. CONCELEIRA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE, ACORDADA NO PLENO DE 01/12/2017, PARA DAR CONTA DAS XESTIÓNS REALIZADAS NA TRAMITACIÓN DO ENIL "FRAGA DE CASAS VELLAS".-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día 1 de decembro de 2017.

A comparecencia realizouse conxuntamente coa comparecencia do Sr. Alcalde que figura no punto 6 da orde do día da presente orde do día da convocatoria e da acta.

De seguido comezou a comparecencia da Sra. Concelleira Delegada.

Brevemente a **D^a. Celia Alonso Caramés**, Concelleira delegada de Medio Ambiente, resaltou que na tramitación deste expediente resaltaban dous informes contraditorias do servizo de Pontevedra da propia conselleira. Un deles dicía que estaba ben o expediente a flora e a fauna que cumpría e que a Xunta de Galicia non valoraba. O outro pedía datos sobre a idade e pedían a documentación. Remitiuse e mesmo ía na documentación o Plan de Conservación cos custes. Resaltou que había unha contradición entre os dous documentos. Tamén había unha concesión de Unión

Fenosa dunha LAT que era o principal problema. O ENIL abarcaba 28,50 hectáreas con pequenos camiños e unha area de servidume. Ese custe saía porque o ámbito non era moi grande.

Na intervención *do Sr. Xosé Crespo Iglesias* indicou que esperaba mais desta intervención e das explicacións que debía dar a dita edil. Coidaba que o expediente era unha auténtica chapuza de principio a ata o fin. No ENIL omitiron remitir documentación que xa constaba no Concello, non sabía se por incompetencia e agora se procuraba co recuso dealzada tapar todo isto da masa arborada que non se enviou. Dixo que eses recursos de alzada valían para o que valían. E procedeu dar lectura do artigo 118 da Lei de Procedemento Administrativo Común no que se dicía que non se podían aportar documentos neste recurso que antes puideron entregarse. Isto era fariña doutro costal.

Era unha desfachatez do Alcalde dicir que non temos o PP, a culpa do que pasou co ENIL.

Coidaba que o traballo dos expertos non estaba ben realizado, a pesar de que houbo tempo, e agora nas preguntas formularía as que consideraba oportunas.

Esta documentación que agora neste pleno extraordinaria se remitía era complementaria á que xa estaba presentada, porque non se fixo co ENIL. O goberno actuando con incompetencia ou pensando mal, xa que no sabía se quería que se aprobase o ENIL e en todo caso botando balóns fora. O certo era que o **Sr. Cuíña** si que atizaba na prensa a outros membros do seu goberno para escorrer o bulto e tamén nas redes sociais e mesmo botaba as culpas ao PP.

1.- **Sr. Xosé Crespo Iglesias.** Vindo o resume da tramitación do ENIL, segue pensando o Sr. Alcalde que a tramitación deste expediente pola conselleira do PSOE foi a mellor opción posible?

D. Rafael Cuíña Aparicio: Resposta: Si.

2.- **Sr. Xosé Crespo Iglesias.** Que re dicir que está de acordo co traballo realizado por *Casalderrei*?

D. Rafael Cuíña Aparicio: Basicamente si.

3.- **Sr. Xosé Crespo Iglesias.** O traballo de *D. Javier Guitián*, catedrático de Botánica de USC é papel mollado como dicir papel como dito a Concelleira.?

Estaba ben recollido na memoria. Coidaba que era un bo traballo, aínda que el non era técnico na materia.

4.- **Sr. Xosé Crespo Iglesias.** Aparte do traballo de *Casalderrey*, houbo algún traballo como o do Sr. Guitián, traballo ad hoc no Concello. Era un mal traballo o de Sr. Javier Guitián?

D. Rafael Cuíña Aparicio: Non, lle consta .non o lera nunca. Agora si. Non lle pode contestar.

5.- **Sr. Xosé Crespo Iglesias.** A Concelleira tampouco?

D^a. Celia Alonso Caramés Non. Empregouno a modo de esquema. Era difícil contactar con el. Non puido ser. Era un bo traballo e amplo.

Sr. Xosé Crespo Iglesias. Presentado no Concello?.

D^a. Celia Alonso Caramés. Non De el. Non se presentou no Concello. Non puido ser. Eu quería contratar a *Martiño Nercellas*, porque era de Lalín. No puido ser; foi imposible.

O de Javier Guitián non era moi extenso. Era un estudo previo. Non estudo ENIL Abarcaba o Plan de Conservación do monumento natural. Orientaba dous ENIL primieros de Galicia, Xunqueira de Alba e o do río Gatos. Bo, bosque antigo. máis: o de Xunqueira de Alba e o de Gafos.

A persoa que fixo eses dous eniles foi Casalderrei. Orientaba Guitián. Si que a coñecía. Nunca o neguei. Tiña carnet PSOE sabía facer elaborar as memorias dun ENIL perfectamente e foi ela a que elaborou este ENIL era a mesma persoa que fixo antes eses dous, aínda que era membro do PSOE.

O Sr. Crespo iglesias, era máis que militante do PSOE; era membro da Executiva.

D^a. Celia Alonso Caramés. Despois si. Si tamén, eu o son. Non se pode tildar de que non fora un bo o documento. Teño claro. Faro coa Xunta, vamos ben, hai algún problema. Dicía que eles foron pola lei, non saírse. Todo momento facéndoo. Ela guiouse pola lei ao facer o mesmo. Ela quer ia mas extenso Este ten 28,5 hectáreas. Extenso, a zona máis importante.

D. Xosé Crespo Iglesias: O traballo era moi deficiente, propio dun nivel de bacharelato. Foi un corta e pega.

O avance programa do traballo de M. Del Carmen Casalderrei. *Martiño Nercellas* fíxoo sen cobrar nada. Guitián cobrou e Casalderrey tamén cobrou. Ten eivas. Outros non.

Non dubidaba da incompetencia de Casalderrei, é porque quen os vira a vostedes se isto o fixera o PP e contratara a un da executiva do PP, aínda que fose o mellor do planeta a mellor; ardería Roma. Como contrataron vostede parece que teñen unha patente de curso de máis de dez mil euros por un traballo de velo, cortar e pegar varias veces. Non son capaces de facelo mellor. Cobrou e traballo mal feito. Isto daba para traballar un mes, ou catro ou cinco días. É un traballo de velo e pegaar. Non o dedicou moito tempo. Dous meses ou tres eran suficientes.

D^a. Celia Alonso Caramés. Recoñezo o xa dito. Aparte participaron técnicos de Lourizán vendo a antigüidade das árbores. Agora temos un técnico forestal que fixo un traballo sobre as antigüidade dos arbores.

D. Xosé Crespo Iglesias: Faise agora. Fixo agora un técnico. Antes non se fixo.

D^a. Celia Alonso Caramés. Foi un enxeñeiro forestal, un becario. Veu Silva

Pando, tamén viñeron técnicos. Todo está contrastado. O dun mes non se pode facer en catro ou cinco días; necesita máis tempo, tiña que volver varias veces. Non se fai nun mes.. Estaba na memoria de todos os xeitos.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Xunta de Galicia lle pedía antigüidade dos árbores?. Entón agora si, e entón antes non estaba?

D^a. Celia Alonso Caramés. Está na memoria; alí había datos técnicos e económicos. Volveuse mandar e enviar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por que non o acometeron antes e non agora?.

D^a. Celia Alonso Caramés. No ENIL primeiro mándase a Memoria cos datos técnicos que era o que se necesita. Esa memoria aprobouse nun principio. Outro técnico logo di non cando antes dixo si. Caballero firma que si. No seguinte firma Gonzalo Caballero, digo Pablo Caballero, di non. Utilizouse o o mesmo formato para tramitar e aprobarse noutros casos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, sodes capaces de contratar a Gonzalo Caballero.

D. Xosé Crespo Iglesias: Explique como estes documentos, toda a documentación, explicación política e técnica, xa a sei, non se remitiron antes?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Explicouno a concelleira delegada. É capaz de captalo e entendelo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non teña dúbida. Entendo. Non lle mandamos documentación; non sabíamos que facía falta.

D. Rafael Cuíña Aparicio: Estaba acreditado de obra para resolver o expediente. Houbo política no medio. Tiña datos na Memoria. Moitas política arranca do ano 2013 coa falta de medidas que o *Sr. Crespo* non tomou e que agora había que tomar. O goberno municipal non admitía leccións neste tema do anterior goberno. Lembrou que houbo unha plataforma para defender a fraga de Casas Vellas. Poucas leccións podían darnos.

O Sr. Xosé Crespo Iglesias: Que Jeta!.

D. Rafael Cuíña Aparicio: Agora a postura do PP era dificilmente defendible diante da cidadanía. Por cuestións técnicas. Non puideron os funcionarios estar por diferentes razóns e facer as alegacións en tempo. Hai unha responsabilidade política. Pero o tema de non contestar alegacións é un tema de funcionarios non poder facer alegacións. Responden os técnicos e non os políticos. E o mesmo tema do Parking, un millón mais de euros gastouse o Concello. Nós non podemos tomar medidas técnicas, pero si políticas. Teñen que facelo os técnicos. Non dicimos como teñen que facer, nin os días que necesitan os técnicos, nin o recurso. O Secretario fíxoo. Evidentemente hai ordes políticas, pero non técnicas.

O Sr. Xosé Crespo Iglesias: Moito rostro é o que ten o goberno; algo propio dunha política rastreira. Aproba e aproveita o que interesa. Aproveitaron as mobilizacións no seu momento no ano 2013 e seguintes, e provocaron e propiciaron a aparición e a creación dun movemento da plataforma propiciada por vostedes. Con desfachatez botaron as culpas PP dos males, como un neno pequeno. O pobo de Lalín é listo e sabe o quen está detrás e quen non. Nós non queremos en ningún caso como PP que a Liña de Alta Tensión pase por alí. Pero eran uns incompetentes os técnicos e os concelleiros. Intentan botarnos merda a nós. Son incompetentes. Non fixeron as cousas ben. Escúdanse en técnicos os concelleiros.

O Sr. Xosé Crespo Iglesias: Vostede ten responsabilidade?

D. Rafael Cuiña Aparicio: Non desvíe o debate. Dixen tres veces o mesmo. El máximo responsable do que pasa no Concello era el. Tamén podía falar e dicirse o mesmo da biblioteca polo pouco persoal. Nunca crearon a plataforma Salvemos Catasós. Pide respecto.

O Sr. Xosé Crespo Iglesias: Ata aí. Faltaría mais.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Teño claro de vostede a súa liña e obsesión por defender a Fraga e reitera que no ano 2013 non tomaron as medidas contra poderes fácticos. Hai informe da Consello de Cultura Galego, do Valedor do Pobo e a sentenza que avalan a petición. A Pablo Caballero non o coñezo. Non o trato. Di no seu escrito: Non podemos acreditar a existencia de elementos singulares que xustifique... a declaración do ENIL. O técnico nin viu nin, nin pasou por alí ningún técnico, que hai un regato, porque segundo eles non existe nada. Hai un regato e punto. Había que pasarse por alí e non quedarse nun despacho enmoquetado porque informes hai uns cantos e ao final acábase dicindo tonterias graves e indocumentadas. Non hai nada segundo eles; pero hai especies singulares. Aínda que non o diga a Xunta de Galicia, hai vinte e cinco informes de persoas de distinto pelaxe político que o din. É indefendible a resolución.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se equivoca. Non existe nada. Esta tramitado moi deficientemente. Non mandaron os informes e a pesar do preaviso. Non o acreditaron. Explique o que pasou. Non o entendemos. Por que non emitiron eses informes? Vostede fala dos informes, pero non o meteron no paquete. Si todo iso non o meteu podendo metelo, cadra unha interpretación: Vostede non querían que aprobasen o ENIL. Un simil: fago un exame e contesto a varias preguntas, respondo ben a catro de nove. Non me cadra, non me cadra.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Os servizos xurídicos dos Concello coidaban que era evidente que ían declarar o ENIL e cargar ao Concello coa a responsabilidade. Nós estamos dispostos a asumir isto. Como sabe tiveron varias reunións en A Coruña co Sr. Tahoces e membros plataforma sobre a iniciativa do ENIL. Transmitiron desde a Xunta tiñan que estudar. Agora a súa lóxica política lévao a pensar que non estaban pola labor. Fenosa non era unha empresa calquera. Tiña a sensación que para o PP a liña nova de alta tensión Lalín era algo prioritario; logo, se soterrase ou non, era outra cousa. Nos queremos facer o soterramento sempre.

Houbo varias reunións con eles; tres no Concello Concello e dúas en Coruña con Fenosa. Transmitiuse a idea de que para eles era imposible economicamente facer cambios. Os papeis dicían que estaban en regra. Non o facían para non empeorar a mellor relación co Concello. Pero hai que soterrala.

Eles contaban con esa liña para Lalín e garantir o suministro eléctrico para Lalín e os polígonos. Excepto para os técnicos da Xunta é positiva e evidente soterrala. É innegable salvo para o técnico da Xunta. Vostedes agora queren deixar a evidencia e a política en primeira liña de combate. Vostede dicían que as persoas das plataformas eran seres noxentos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Rumoroloxía rastreira. Nin na moción nin logo nunca dixen iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Xente da plataforma díxoo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Un ten que defenderse. Vostede utilizan iso, por exemplo no Agro Lalín de Arriba no que especulaban. Rumores hai neste pobo todos lados.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Non é o seu estilo. Direino á persoa da plataforma que llo dixo. Están doídos coas persoas porque a Plataforma fixo dano electoral. Agora queren vinganza. Fan un exercicio de oposición e atoparon unha pequena veta para facer danos ás persoas que lles fixeron dano.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ao revés do dito. Visto o escoitado, coidaba que estaban nas antípodas do goberno. E que houbo un montaxe para tramitar dun xeito o expediente e logo facer o contrario. Chegaba a pensar que o goberno municipal non quería que se declarase o ENIL. Non lle cadraba.

Se houberse interese no goberno, o edil delegado, como facían el os seus edís no goberno anterior para tramitar calquera cousa que lles interesaba de verdade, estaría todos os días pendentes chamando e buscando o tema. Non se fixo así neste tema. Poucas veces chamou á Xunta ou foron alí. Saben que é certo. Vostede.

Estaban en desacordo co tema. Non nos tomen o pelo. Din unha cousa e fan outra, e fan unha cousa e a contraria. O PP ten que analizar a albor goberno que non se sabe cal é. Din unha cousa, logo fan outra ou a contraria. Non era serio. Non vale.

D. Xosé Crespo Iglesias: Teñen que explicar por que non remitiron documentos da antigüidade e non se explicou. Non se explicou. Non constaba no contrato que debía elaborar eses documentos?

D. Rafael Cuiña Aparicio: Xa llo explicou.

Dª. Celia Alonso Caramés: Mandouse. Pedíuse máis documentación en febreiro. Mandouse. Pedín rexistro da Xunta. José Manuel estaba de baixa e agora non podía aportalo. Dixo que estaba na súa mesa. Si que aparece o que se lle mandou, os títulos de alugueres, a memoria económica desglosada, como valor que había. Reafirma que enviaron contratos de aluguer de terras. A memoria económica estaba desglosada. Tiña que valer o que había. No rexistro Xunta si que está

D. Xosé Crespo Iglesias: Cree que uns contratos de arrendamento de 1927 xustifican algo sobre as árbores? Iso xustifica a antigüidade das árbores sen acompañar un informe técnico? Que xustifica iso? É suficiente iso?

D^a. Celia Alonso Caramés: Vai un informe do técnico. Vai co oficio un informe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non vai ningún informe. Se iso xustificaba a antigüidade: por que se encargou a Paco Guerra un informe sobre a antigüidade? Non será porque antes non estaba acreditado? Agora si e antes non. Non. O instrutor o Sr. Secretario envíano como complementario. O instrutor vía que non estaba xustificada ata agora. Desde o punto de vista técnico e desde sempre, como vale agora e non antes?. Por que non se enviou en resposta ao escrito de 24 de febreiro 2017?. Era factible? Viu que non valía?

O Sr. Secretario. Vin a documentación do expediente e do da Xunta. Indicou que o ENIL tiña 28,5 hectáreas. Había dúas formas de xustificar a antigüidade cun catálogo de todos os árbores, feito case imposible, posto que serían mais de once mil árbores, ou cun muestreo dos mesmos, que foi o que se fixo, xa que non o atopou non expediente nin no da Xunta. Paara calcular aquila podíase facer cun taladro ou ben medindo a altura e o diámetro e as tablas estadísticas. Hai fotografías. Enviase a modo de aclaración de algo que xa estaba, como comprobación. Na Xunta non o había.

D. Xosé Crespo Iglesias: Blanco e en botella.

Por que non se lle encargou isto a Casalderrei, que fixo o groso, teña ou non razón, para que en febreiro fixera o informe e llo mandara á Xunta?

D^a. Celia Alonso Caramés: Ela fixo o informe. Non o pode traer, pero estaba no rexistro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Onde está. No expediente non o había.

D^a. Celia Alonso Caramés: Enviou a un funcionario. Todos teñen que ir avalados. Enviouno a José Manuel, e el mandouno ao rexistro que enviou ese traballo. A min váleme. Si que se enviou.

D. Rafael Cuiña Aparicio: É comprobable.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non o vin ese informe. Téñeno vostede?.

D^a. Celia Alonso Caramés: Mandouno Imprimir.

D. Xosé Crespo Iglesias: O Secretario non o di.

D. José Antonio Fernández Rodríguez: Pero entón o expediente está incompleto. Nos temos dereitos a contar cun expediente con todos os seus documentos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non o temos. Algo falla.

Non xustifican por que non se contestou en tempo as alegacións dos veciños, e remitiuse un día despois do prazo, xa fora de prazo? Non contestastes en tempo. É como si un alumno que ten que facer un exame pide facelo, e logo o pide a prórroga fora de prazo. Non sabedes contar os días. Esperase a última hora e día. O informe non estaba no forno. Fanse os documentos. Logo a Xunta de Goberno sen informe algún mandou contestar que se rexeitasen. Foi unha temeridade. Nin informe da casa nin informe externo. Como pode actuar a técnico Casalderrei así?

Como xustifica que non se contestase tamén en tempo as alegacións da Xunta de Galicia?

D. Rafael Cuiña Aparicio: Houbo ordes políticas. Por razóns dos técnicos non foi posible contestar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non era un expediente especial?.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Imposibilidade técnica e vacacións.

D. Juan José Cruz García. Estaste metendo no fondo. Son razóns moi potentes. Tes unha narices.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Primeira chamada ao orde. Non ten a palabra. Aínda que uns dean as ordes políticas, os outros, os técnicos, non son políticos. Asumimos que non se fixo en tempo e forma. Evidente

D. Xosé Crespo Iglesias: A moso non contestar en tempo e forma. Entende que houbo problemas técnicos. Non lle preocupaba moito este tema. A el cando un tema lle preocupaba, nada máis chegar, puña a todos os santos en revolución, contrastaba fora con outros técnicos e contrastaba con super urxencia. Se había pegas da Intervención, e de que Intervención fixera un reparo, eu levaría o reparo, porque nese caso estaría xustifico. Houbo un período estival, sen técnicos e non pedides nada externamente?. Logo fora de prazo hai ese acordo. Non podía haber un informe dun técnico da casa para dar ao acordo da Xunta de Goberno algo de credibilidade. Neste caso non había explicación. Houbo negligencia. As alegacións non se contestaron e logo consta acordo da xunta de goberno tamén para desestimalas, sen informe técnico? Como explica?

D. Rafael Cuiña Aparicio: Xa está constatado. Hai unha eiva da Xunta de Galicia, xa que no tema do ENIL a Xunta non estaba pola labor. Asumo que non se alegou en tempo e logo pediuse iso fora de prazo. Non é un tema fundamental. Hai outras razóns. Asumo dando as ordes oportunas. Non se fixeron tempo e forma as contestacións. Con todo non foron fundamentais para a resolución. Hai outras razóns de maior calado e de índole política para non concedelo. Vostede e eu sabémolo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Asegúrolle que non. E o primeiro ENIL que se denega. Sen gastar un peso.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Non lle parece raro o caso. Hai árbores de máis de 50 anos e aquí os hai de máis de 150 anos. É raro.

Vexo recursos independentes. Os de ADEGA e do Petón de Lobo non están politizadas. Si o está Salvemos Catasós.

O recurso de Petón do Lobo falsea a realidade ao negar a continuidade? As alegacións dos propietarios son interesadas?. A ortofoto é interesada?.

Todo lévanos á conclusión: Acudiron a un erro para negar a declaración do ENIL. É un erro evidente do goberno? Non. O que falta é vontade política, tendo en conta que posiblemente estivesen presionados por poderes fácticos. Non lle convén desde o punto de vista económico o soterramento. Desde punto vista técnico pode facerse.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ademais había que contar coa autorización dos propietarios. Tecnicamente é imposible autorizar sen o consentimento dos donos. Non é factible, sen consentimento donos. Alá vostede.

D. Rafael Cuiña Aparicio: O interese xeral está por enriba dos intereses dos propietarios, que é respectabilísimo. Houbo un cambio de opinión en tempo record.

O goberno tomou a decisión, ata ultimas consecuencias. Defender a permanencia fraga Casas vellas. A os do PP non os vin nesa trincheira. É lexítimo que veñan a facer política. Hai un cambio porque agora prima o interese xeral sobre o interese dos propietarios. Permaneceremos na nosa trincheira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vese andando o tema. O dito é a antítese da legalidade ou da moral política. Como poden dicir que queren unha cousa e logo poñer os medios para o contrario. Non o entende. En que trincheira están? Na de non mandar documentación, como ciencia infusa do ENIL, nin contestar as alegacións? Politicamente piden a prórroga fora de prazo e piden informe. Valerá a Plataforma Salvemos. Cumpre contar cunha autorización legal dos donos das fincas. Din unha cousa e fan a contraria. É Imperdoable que non contestasen a tempo as alegacións e que a petición de prórroga que se fixera fora de prazo. Isto non era asumible.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Nos non metemos un dedo no ollo. Iso gustáballes a vostedes. Reúnase con Salvemos Catasós e dígalles iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aquí no Pleno.. Como valora que nada mais denegar o ENIL dera unha roda de prensa vergoñenta amparados por membros da Plataforma, cando vostedes son os responsables de que non concederan? Persoas de boa fe, vil, foron utilizadas politicamente cunha vil política, e mezquina. Imaxínase se a Xunta de Galicia cando presenta recursos de inconstitucionalidade e bótanos abaixo chaman aos colectivos afectados para resaltar a actuación?. Non era defendible isto. Politicamente era incorrecto. Díganllo politicamente, pero non para cubrir eivas, metendo cizaña en xente inocente e sen culpa. Estaba en desacordo co que fixo Casalderrey, unha cacicada contraatacando ao que non fan ningún caso. O traballo fíxoo xente incompetente. Estaba con moito en desacordo con Casalderrei. A elección foi unha decisión caciquil non de Cuiña, pero el deixou abusar de Salvemos Catasós.

D. Xosé Crespo Iglesias: Considera normal a roda de prensa que deu con membros de Salvemos Catasós, sen explicar por que se denegou a declaración do

ENIL o por que se denegou o u sabia a Plataforma?

D. Rafael Cuiña Aparicio: Dimos co quid da cuestión. A Plataforma veu aquí, que so veu aquí. Explicou e quixeron estar con nós na roda de prensa. Os seus membros teñen mellor concepto de nós que de vostede; é lóxico O goberno cos seus erros estaba aí; pero o goberno dende o ano 2013 neste mesmo tema non fixo nada e debeu tomar medidas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Montárono vostede.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Este goberno trasladou a Salvemos Catasós algunhas cousas co obxectivo formal igual. O PP non tivo feeling político. Metemos a pata. A Xunta non estivo á altura circunstancial, salvagardar espazo tan importante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me tergiverse. Tira das orellas áa Plataforma en privado? A nós non nolo din en privado. Ven ben que os seus votantes lles tirasen das orellas en privado?. Ve ben a Plataaforma Salvemos Catasós que no enviaran os estudos do valedor, do consello..?. Ve ben que non se enviaran? Sabe que non. A documentación non se enviou. O certo é que non contaron a verdade.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Isto era unha interpretación expansiva que eu aprendín cando estudei Dereito Natural. Pero aquí hai outra cuestión outra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Para terminar. Había que facer unha reflexión. A comparecencia non aclarou as dúbidas, e mesmo fíxoas máis profundas. Fixeron unha burda utilización do ENIL desde o goberno municipal. Eles estaban convencidos de que o goberno quería que non se aprobase o ENIL. Por negligencia, acción ou por omisión non fixeron os deberes. Se non actúan vostedes, imos a actuar nos. Xa está ben de botar culpas e de non conseguir os obxectivos. Non se ocuparon do ENIL. Non hai ánimo. Hai maneiras distintas de traballar Non hai interese mínimo.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Dúas cousas: Dóelle a utilización política do tema do ENIL; a Xunta de Galicia non ten vontade e vaia alí, que vai ser ben recibido neste tema porque vostede representa diante dos lalinenses o que en contra fixeron. Leccións de moral en sete anos ningunha. Desde 2013 o PP non podía dar, absténdose nos Plenos da solicitude do ENIL e agora no recurso dealzada. Leccións non.

D. Juan José Cruz García, dixo que a sesión do Pleno era innecesaria e gastáronse catro mi cincocentos euros na mesma.

Preguntas que formula **D. Juan José Cruz García.**
Non tente ao demo. Por escrito todo.

1.- Como é posible que unha cosa tan importante como este non haxa un plan

alternativo, ni pola edil de medio Ambiente nin polo Alcalde?

É serio isto?

Me queda grande; sinvergüenza político son. Son de Muimenta e de xente coñecida. O Sr. Alcalde ten que falar e ir polos departamentos as veces que sexan necesarias para coñecer e aclarar os temas, preguntando e interesándose polos temas.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- Van para atribuír a culpa vosa, Cuíña e Celia, rexeitamento do ENIL xa que as fincas van quedar pra coller cogumelos fincas?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- Pode difamar o informe, coñecido, económico propietarios cara aos lalinenses si?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- Cree Celia que se xustificou ben o ENI?. Pediría a dimisión da Concelleira de Medio Ambiente? E de Cuíña?.-

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- Proporase a Celia Alonso para o premio Lalinense do ano?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- Dixo Cuíña que os técnicos non o fixeron ben. E os políticos? Que técnicos? Que medidas se van tomar?

Esixo que se cumpra a lei e que se depuren as responsabilidades tanto dos técnicos como a dos políticos.

7.- Os técnicos o fixeron mal e Celia o fixo ben?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

8.- Se os políticos ou técnicos do Concello? Identifíqueos?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

9.- Houbo informes do Alcalde no acordo da Xunta de Goberno?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

10.- Rexistrou as veces o tema de Fragas Casas Vellas Celia Alonso? É un traballo serio?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

11.- Agora si pode solventalo o Alcalde? Nunca dito nada de solventalo ou Alcalde ou a Concelleira.?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

12.- Cantas veces Celia Alonso solicitou audiencia no tema do ENIL á Xunta de Galicia? Cantas pode dicir?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

13.- Técnicos da Casa contra o ENIL. Alegan na plataforma que a culpa foi do persoal? Paco Guerra ou outros vacacións algúns traballadores?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

14.- Intereses xeral comprar ou expropiar os terreos afectados polo ENIL?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

15.- Buscáronse axudas no DUSY para este tema? Axudas para adquirir os terreos ou para expropialos?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

16.- Salvo a visita que dixo ter o Sr. Cuíña, cantas visitas e cales membros do goberno visitaron a Xunta de Galicia?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

17.-. Cantas veces visitades?. Centra o escrito u contestar.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Cuíña Aparicio: Chámolle por segunda vez ao orden.

D. Juan José Cruz García. Vostede é un energúmeno político.

D. Rafael Cuíña Aparicio: Non considera iso, sendo as 10,22 horas, D. Juan José Cruz García sae da sesión.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non van contestar ou o farano por escrito. Suspéndese o tema.

Sendo as 10,24 horas incorporouse á sesión e esta reanudouse.

D. Juan José Cruz García. Fun pedir a presenza da Garda Civil e da Policía

Local.

Prosiga, afirmou o Sr. Alcalde.

Non hai mais preguntas.

Deu por rematada a comparecencia pola Presidencia.

6.- EXPEDIENTE 5607/2017. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, ACORDADA NO PLENO DE 01/12/2017, PARA QUE DEA EXPLICACIÓNS SOBRE O PROCESO DE TRAMITACIÓN DO ENIL ANTE A XUNTA DE GALICIA.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día 1 de decembro de 2017.

De seguido comezou a comparecencia do Sr. Alcalde.

As intervencións relativas a esta comparecencia figuran recollidas no punto 5 da presente acta, xa que a comparecencia realizouse conxuntamente coa comparecencia da Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente.

7.- EXPEDIENTE 5964/2017. SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE ANTE O PLENO A PETICIÓN PROPIA EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DUNHA AUDITORÍA SOBRE PROBLEMAS EN VARIOS EDIFICIOS MUNICIPAIS.-

A Presidencia deu conta da presente solicitude, presentada no rexistro xeral o día 20 de decembro de 2017 co número de rexistro de entrada 10104. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de decembro de 2017.

Desde o grupo de goberno, **D. Rafael Cuíña Aparicio** explicou que quería dar conta ao Pleno dunha serie de temas. Coidaba que houbo difamacións ao respecto e entendía que había que informar á cidadanía. Tiña claro isto.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** adiantou que en principio non ían votar en contra. Podía ser unha cortina de fume. Lembrou que o seu grupo tamén pedía a súa comparecencia noutro punto da orde do día.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo que el non ía atacar a ninguén neste tema.

Por parte de **D. Juan José Cruz García** adiantou que ía referirse a este tema no turno de rogos e preguntas.

Sometida a votación ordinaria a solicitude e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU aprobar a comparecencia do Sr. Alcalde na vindeira sesión plenaria de acordo co seguinte contido:**

O temporal “Ana”, que o pasado 10 de decembro afectou a boa parte de Galicia, deixou o récord histórico de choiva acumulada en 24 horas en Lalín e ventos con refachos que, nalgúns casos, superaron os 100 quilómetros por hora. Esta situación puxo de manifesto de maneira evidente as múltiples deficiencias que dende hai anos presentan algúns edificios de titularidade municipal, con constantes filtracións de auga e coas consecuencias que iso supón para o correcto desenvolvemento das actividades que se realizan nestas instalacións.

Un dos inmobles máis afectados foi o do Auditorio municipal, na parte correspondente ao Salón Teatro e ás aulas da súa parte superior, unha zona na que parte das obras foron certificadas no seu día cunha firma falsa. Trátase ademais dun espazo onde, segundo confirman traballadores municipais, se producen filtracións dende a súa apertura, unha situación que precisamente non se produciu na parte na que o Concello acometeu este ano actuacións urxentes para paliar os danos ocasionados polo temporal do pasado mes de febreiro.

Pero o do Auditorio -na zona do Salón Teatro- non é o único inmovible onde se rexistran problemas deste tipo. Situacións semellantes repítense dende case a súa inauguración no Lalín Arena (que custou arredor de 7 millóns de euros) na aula da antiga UNED, ou no Parking Aldea Grande (un verdadeiro desastre de xestión urbanística no que se chegaron a gastar arredor dun millón de euros en reparacións e que, malia todo, segue a rexistrar incidencias cada vez que chove). En resumo, falamos de edificios que supuxeron un investimento millonario con cartos públicos no seu día e que dende o primeiro momento presentaron deficiencias, pero que non son os únicos. Situación semellante vívese inverno tras inverno nalgúns locais sociais do noso rural, como pode ser o de Goiás, onde tamén hai filtracións de auga de maneira habitual.

Diante esta situación, o Goberno de Lalín considera imprescindible a elaboración dunha auditoría que permita determinar de maneira técnica cal é a orixe dos problemas e o estado de conservación dos edificios municipais, así como as medidas e actuacións que será necesario acometer para a súa mellora.

Ao obxecto de dar conta ao Pleno da Corporación polo miúdo das incidencias rexistradas nestes edificios e informar sobre a necesidade de elaborar esta auditoría -ante as reticencias e o temor expresado por algúns membros da oposición sobre a mesma-, o alcalde de Lalín solicita a súa comparecencia -a petición propia- ante o Pleno da Corporación Municipal, de acordo co estipulado no artigo 105 do Regulamento de Organización e Funcionamento das entidades locais. Ao mesmo tempo, o alcalde ponse a disposición dos membros da Corporación municipal para responder a todas as preguntas que lle susciten os edís que así o desexen sobre o asunto en cuestión.

8.- EXPEDIENTE 5965/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E QUE REALICE AS ACTUACIÓNS DE MELLORA NECESARIAS NO PAVILLÓN DE VILATUXE E QUE SE INSTALE UNHA ESCALEIRA DE EMERXENCIAS NO COLEXIO VICENTE ARIAS DE LA MAZA.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 20 de decembro de 2017 co número de rexistro de entrada 10105. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** de Comisión Informativa de saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 26 de decembro de 2017.

Por parte de **D^a Lara Rodríguez Peña** procedeu a dar lectura das partes dispositivas da moción, e que era o que se pedía. Consideraba deplorable o estado de abandono, paredes a humidade, estaban todas verdes; non era san para os nenos e usuarios. Foi a dirección do centro os que se fixeron eco da petición da ANPA para que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria proceda ao arranxo dos pavillóns e da escaleira.

O certo era que a día de hoxe non había resposta algunha.

Desde o PP, **D^a. Raquel Lorenzo Fernández** estimou que procedía e estaban de acordo coa parte segunda que era a petición dunha escaleira de incendios. Fomos á Consellería e dixéronnos que un técnico da consellería dixo que o edificio era de antes da normativa actual, e que estaba ben. Votarían a favor desta parte. Ao mellor non era obrigatorio dixo o técnico.

En canto á segunda parte non atopamos sentido á dita petición. Os arranxos dos pavillóns que son de titularidade do Concello, correspóndelle ao Concello. A construción é do Concello e logo pode en Xunta de Goberno tratar de arranxar, voz con canalóns do ximnasio antes de pedir a outros, debe facelo o propio Concello e acometer esas obras.

De novo **D^a Lara Rodríguez Peña** dixo que había unha contradición no que dicían vostede de que o Concello tiña que facelo. Si que houbo uns traballos de conservación e de limpeza canalóns pola Consellería.

O arranxo o pavillón era un investimento grande. A propia dirección do centro entende que corresponde facelo á Xunta de Galicia. Eles son profesionais que saben a quen compete o arranxo destes investimentos. Por iso o poñen enriba da mesa. Por iso chegamos ata alí.

Sobre a escaleira chamouse ao técnico. Lembrou que este verán houbo un incendio, estaba o conserxe, sen alumnos; de habelos as consecuencias serían fatais. Non hai posibilidade de evacuación desde a segunda planta. A resposta foi o técnico da Xunta de Galicia,

Seguro, sentiuse aludido **D. José Antonio Rodríguez Varela**.

De novo **D^a Lara Rodríguez Peña** o traballo si foi en coordinación a dirección do centro admite que é un traballo que lle corresponde facer á Xunta de Galicia. Teñen

que saber.

Lembrou que a resposta do técnico é que a construción é do ano 1997 que que daquela non era necesario contar cun plan de evacuación. E que todo estaba ben.

De novo **D^a Raquel Lorenzo Fernández** indicou que neste tema ninguén tiña que dicirlle ao Concello o que tiña que facer. Esta Entidade debía saber as obras que podía acometer e as que non podía abordar. Lembrou que a Xunta de Goberno aprobou o cambio de pavimento na pista con cargo ao Plan da Deputación, uns 59.00 €0. A obra fíxoa o Concello. Isto foi no ano 2005 no colexio Xesús Golmar. Non ía entrar cos técnicos en disputa. Estaban a favor de poñer a escaleira, pero o pavillón compete ao Concello de Lalín, con petición de axudas a outras entidades. Titularidade.

Emenda transaccional: Votamos a favor. A cambio no primeiro punto ten que figurar:

Instar ao Concello a actuar como titular do pavillón de deportes e que proceda a activar os trámites necesarios para evitar as filtracións de augas cando chove no pavillón de deportes do colexio Vicente Arias de la Maza. Non obstante votamos a favor da moción.

O Sr. Alcalde. **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que era un pouco raro. Non o vexo. Dóenlles as manifestacións da ANPA sobre a obra da cuberta que fixo a Xunta de Galicia que foi unha chapuza. Ven de xente non próxima a nós que din claramente que foi unha chapuza, xente empadroada alí, na parroquia. Debería preocuparles.

D^a Raquel Lorenzo Fernández. Eu estudei nese colexio.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Deberíalles preocupar e non desviar a atención. A el preocúpalle a defensa numantina e indefendible que fan do traballo da Xunta de Galicia. Nós queremos que o resolvan. Dino a ANPA. Foi unha chapuza o da cuberta desde o primeiro día. Non aceptaba a emenda.

De novo **D^a. Raquel Lorenzo Fernández** dixo que de ser así, na vindeira sesión habería unha moción do seu grupo nese sentido.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** indicou que a ANPA cualificou a obra que se fixo como auténtica chapuza.

De novo **D^a Lara Rodríguez Peña**, dixo que non aceptaban a emenda transaccional e non mudaban a súa moción. Non instarse a si mesmos.

Houbo un debate entre D. Xosé Crespo Iglesias e o Sr. Alcalde.

Sometida a votación ordinaria a moción e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da

APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito
APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

A comunidade educativa do C.E.I.P. *Vicente Arias de la Maza*, emprazado na parroquia de Vilatuxe, vén solicitando dende hai tempo que se tomen medidas para solucionar as constantes filtracións de auga que afectan ao pavillón polideportivo deste centro, unha infraestrutura moi utilizada polo alumnado, pero tamén por outros veciños da zona. Esta situación prodúcese dende hai moito tempo, practicamente dende a construción do edificio. As consecuencias das deficiencias do pavillón son especialmente visibles cando teñen lugar chuvias intensas como as que provocou o paso do temporal Ana na segunda fin de semana deste mes e que, unha vez máis, fixeron que a pista quedase totalmente inutilizada debido a que foi asolagada pola auga, ademais de producírense outros problemas que tamén afectaron, por exemplo, á zona de vestiarios.

A necesidade de que se poñan en marcha actuacións para solucionar as carencias do pavillón e evitar novas filtracións foi trasladada ao Concello en diferentes ocasións por parte do colectivo de pais e nais. Dende o Goberno de Lalín adquiriuse o compromiso de traballar para darlle unha solución ao problema de maneira coordinada con outras administracións, tendo en conta que non é o Concello de Lalín quen ten as competencias para darlle saída a estas xustas reivindicacións. En vista de que os arranxos solicitados no pavillón supoñen unha actuación importante sobre a súa estrutura é, polo tanto, competencia da Xunta de Galicia adoptar as medidas necesarias para proceder ao arranxo e evitar que a comunidade educativa siga sufrindo as consecuencias das graves carencias da infraestrutura.

Por outra banda, o pasado mes de xullo o Pleno da Corporación aprobou unha moción presentada polo grupo de Goberno para solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a instalación dunha escaleira de emerxencias que permita incrementar a seguridade dos usuarios do CEIP Arias de la Maza, tal e como solicita de maneira unánime a súa comunidade educativa. Esta dotación permitiría mellorar a seguridade do edificio e dos seus usuarios e facilitar de maneira notable a evacuación da segunda planta en caso de incendio, onde se localizan as clases de terceiro a sexto de educación primaria. En vista de que varios meses despois a Xunta de Galicia segue sen responder á solicitude do Concello de Lalín, o Goberno considera necesario reiterar esta petición, xa que a construción desta escaleira constitúe unha reforma estrutural e de seguridade e, polo tanto, é competencia da Consellería.

En vista do anteriormente exposto **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que proceda a activar os trámites administrativos necesarios para acometer as actuacións urxentes de mellora e acondicionamento necesarias no pavillón deportivo do colexio Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe para evitar que se produzan novas filtracións de auga en caso de chuva.

Segundo.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria a que proceda a activar os trámites administrativos necesarios para dotar canto antes ao CEIP Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe dunha escaleira de emerxencias que permita incrementar a seguridade dos usuarios do edificio, tal e como solicita de maneira unánime a súa comunidade educativa.

9.- EXPEDIENTE 5962/2017. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA DO ALCALDE, D. RAFAEL CUIÑA, POLO DERRUBO DA PONTE DE BUSTELOS E O EXPEDIENTE QUE SE TRAMITOU PARA A CONTRATACIÓN DE DITA OBRA.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 20 de decembro de 2017 co número de rexistro de entrada 10109. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de decembro de 2017.

Na defensa da moción **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a moción presentábase, comparecencia Alcalde, cousas a destempo, temporal cousas mal feitas, a salto de mata. porque houbo unhas chuvias e a ponte voou. Coidaba que a ponte estaba construída en parte baixa, e que se debeu construír na arte mas alta para evitar que estas traídas de auga o levasen.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixo estar encantando non ver a moción para declarar que non se facía nada. En segundo, pregarlles que non me atribúan declaracións na prensa que non fago sobre as obras rematadas e sobre o proxecto. Si dixen que tiven unha chamada o domingo e que caeu a ponte nunhas condicións meteorolóxicas extremas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Todo isto aclarámolo no Pleno que ven. Debe quedar todo claro.

Sometida a votación ordinaria a moción e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

O pasado 10 de decembro, coincidindo cunha invernía provocada pola borrasca Ana, a ponte situada no lugar de Bustelos, nas proximidades do entronque do regato de Chedas co río Deza, era derrubada pola enchente quedando enganchada nun dos apoios e a estrutura semisumerxida no río, de xeito paralelo ao cauce do mesmo.

Unha ponte, acometida cunha partida correspondente ao Fondo de Compensación Ambiental, que estaba recén construída e rematada ou case rematada na semana anterior e que apenas tivo uns días de utilidade no seu emprazamento orixinal.

Coñecido o derrubo da ponte, o goberno e o alcalde argumentaron, para minimizar a dimensión da negligencia na construción, que dita ponte “estaba sen rematar” e que fora producida por unha enchente que era “tres veces superior ao cauce habitual”. Argumentos pouco ou nada cribles considerando que nos días anteriores ao derrubo da ponte, e mesmo cando se coñeceu a mesma, apareceron fotografías de veciños circulando e disfrutando das vistas dende a ponte. Algo que sería imposible se a ponte estivese sen rematar, xa que debería estar valada e con sinais de prohibición de paso como calquera obra que non está rematada e se está a acometer. Igual de tesura ten o argumento de que a levou unha “crecida desmedida”, cando as pontes ou pasarelas teñen que ter unha elevación suficiente e superior “a máxima das avenidas producidas”.

Fora destas “desculpas de mal pagador”, o alcalde pechouse en banda a facer novas valoracións sobre o derrubo da ponte, pese a que ata en catro ocasións o grupo municipal do Partido Popular requiriu ditas explicacións nos medios de comunicación.

Coa calada por resposta sobre o tema, o grupo municipal do PP rexistrou o pasado día 12 de decembro, unha solicitude de documentación sobre este tema do seguinte tenor:

1.- Acceso e copia de toda a documentación relativa ao expediente de Rede de sendeiros do Candán, e melloras en Bustelos, Vilatuxe e Zobra acometidos con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental; incluíndo, proxecto, financiación, ofertas presentadas, sinatura do contrato, prórrogas, certificacións e xustificacións tramitadas, en caso de habelas, e información de subcontratas que puidera levar a cabo a empresa adxudicataria da obra.

2.- Que a entrega e acceso a dita documentación se faga coa máxima celeridade, dada a importancia e actualidade do tema.

Celeridade na entrega de dita documentación, para a revisión do expediente vencellado á ponte que non foi contemplada polo goberno que retrasou ao 16 de xaneiro, máis de un mes despois da solicitude. O que se suma á negativa do goberno a aclarar as circunstancias concretas que provocaron a caída dunha ponte que levaba pouco máis dunha semana rematada.

Á vista da falla de información proporcionada polo Alcalde, de que as ínfimas explicacións ofrecidas son dificilmente compatibles coa realidade, e ao interese amosado polo goberno en atrasar a consulta da documentación, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

A comparecencia no vindeiro pleno do mes de xaneiro do Alcalde-Presidente, Rafael Cuiña Aparicio, para que ofrezca explicacións e responda ás preguntas que se formulen sobre o derrubo da ponte de Bustelos e sobre o expediente que se tramitou para a súa execución.

10.- EXPEDIENTE 5961/2017. MOCIÓN DO PP PARA O ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILASOA E A VEIGA E ANCHEADO DO

ACCESO A PRADUXAO.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 20 de decembro de 2017 co número 10071. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de decembro de 2017.

No uso da palabra **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** explicou que neste tema xa coñecido coa moción intentábase mellorar as condicións de vida da xente do noso rural. Tres lugares, tras tres anos gobernados polo goberno e polo sr. alcalde que en primeiras intervencións dicía que o rural estaba abandonado e que ía mirar moito por elo; agora esta esquecido. Tres lugares distintos son importantes para os veciños.

Camiño de disputa. O Concello foi demandado e condenado por non defender os intereses dos veciños. Pedíase o asfaltado e rematar o proceso cun camiño que tiña de ancho 2,80 metros no sitio máis estreito como di a sentenza.

No segundo caso propoñían A Veiga. No principios de 2015, o Concello meteu no Plan de Acción Municipal a pista de acceso ao lugar de A Veiga cunha capa aglomerado en quente. Faltou orzamento e quedou un tramo duns 300 metros lineais, non acometidos nese momento. Enlaza a pista que vai de Santón ás Lamas. Pedimos completar isto. Así facilitaríase a circulación de coches e de maquinaria.

Hai outro camiño fondo do lugar que cumpre arranxar, estando en pésimas condicións. Pídese que se bote capa de zorra, material canteira ou de rechazo e que se pase o pisón. Isto valería para vacas e tractores que non necesitarían saír á estrada.

Por último, pedimos en nome veciños de Praduxao o ancheamento acceso ao lugar. Ese vial comunica e permite o acceso. Ten eivas, non só aos coches pequenos, senón o acceso a camións de leite ou de lixo. O de leite non pode acceder ás explotacións de vacún. Os camións de bombeiros, houbo un conato de incendio nunha vivenda, e tiveron bastantes problemas para chegar. Fai falta a previa cesión pro parte dun veciño dos terreos para a construción tamén dun muro contención. El está disposto a facilitar os terreos e sería que se anchee e o aglomerado do terreo cedido polo dono. Solicitamos que voten a favor que procedan a realizar os traballos, bastantes deles sen facer. Sería importante que se acometeran estas obras no Plan Concellos de 2018 xa que beneficia aos veciños dos tres lugares.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. En relación coa pista de Vilasoa nos fixemos o que mandou a sentenza que era abrir o camiño. O que vostede di de 2,80 metros non sabe de onde sae, xa que mide menos de douscentos metros, dous corenta e pico.

Nos non temos abandonado ese camiño. A verdade era que levaba máis de quince anos abandonado. Agora era increíble que diga vostede iso.

En relación co asfaltado A Veiga, non entendía esta petición. Dunha parte tiña un plano camiño que entraba pola parte de abaixo pintado en amarelo, e logo en azul aparecía pintado o aglomerado, e amarelo outro. Quere que asfaltemos camiño arranxado o ano pasado por nós, un camiño que levaba unha pila de anos abandonado?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Para vostede sería todo máis cómodo atoparse todo feito e non facer nada.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Eu e Pepe Varela hai un mes estivemos alí

no lugar. Só faltaba por facer a cesión. Son 220 m2. O Sr. Chámase Mario da Cruz Montero. Cede todo o terreo.

O asfaltado en A Veiga iremos mirándoo. O tema de Praduxao si que irá no Plan Concellos; faltaba a cesión.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A sentenza está cumprida. A Veiga, despois de facer. Abster., moción adiante.

É a nosa opinión. Servizos xurídicos din que a sentenza está cumprida. Non dubida. O outro é innegable. É un exceso meter aglomerado, cando xa ten zavorra.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Levar ao Concello aos tribunais para recuperar o uso público. Poñer nas mellores condicións posibles. Tramo pequeno, coches circulan. Asfaltalo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Lórico e discutible. A sentenza está cumprida. Traizoouno o inconsciente cando dixo que: Tivemos que levar ao Concello aos tribunais.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Non dixen iso. Levouno un particular. Non facer o seu traballo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Nos comenzamos. Vos non traballades.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non imos votar en contra.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Si na saída do pobo. En A Veiga botouse zavorra e agora pídese o aglomerado.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pedides iso?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada:

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Uns 250 metros.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pensas iso?. De verdade?. Agora ten zavorra.. como estaba ese camiño?.

Ti viches como estaba a pista antes da botar zavorra?

Debate co Sr. Crespo Iglesias.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O camiño parecía unha pista medieval.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Praduxao. Negociando cos donos os terreos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Para aclaración. Non dixo iso.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro. Quedou en darllo. Falta formalizar.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Vostedes teñen que facilitarlle as cousas. Non poñer pegas. Traio o papel firmado polo señor de cesión dos terreos. Moito falar e pouco traballar. Vouullo dar a *Medela* para adiantar os traballos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dacordo e dar mais voltas.

Sometida a votación ordinaria a moción e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra fallou o 24 de maio de 2017 a favor da reapertura dun camiño público no lugar de Vilasoa, na parroquia de Bendoiro, que fora incorporado por un particular aos predios da súa propiedade. Unha sentenza especialmente clara que ordenaba ao Concello defender os intereses de propiedade pública e o seu patrimonio e instaba a recuperar ese camiño para o uso dos veciños.

Moitos meses despois, e aínda que o Concello de Lalín deu por cumprida a sentenza ante o xulgado, o único que fixo foi dar apertura ao valado que impedía o acceso a ese camiño e retirar algúns elementos que impedían o tránsito por el. Unha solución que, lonxe de volver a converter o camiño de Vilasoa nunha zona de tránsito público, a deixou case como estaba. Un acción mínima que semella unha “pataleta” do goberno para tentar eludir o cumprimento dunha sentenza que semella que non lles gustou. Actitude “cuasi desafiante” que pode ter como consecuencia que un tema xudicial que está pechado poida volver a abrirse polo descontento de unha parte dos litigantes.

Atendendo á necesidade de que ese camiño volva a ser de dominio e uso público, como o solicitan algúns dos veciños e como o recolle a sentenza, entendemos que a superficie do mesmo debe dotarse dun afirmado que non sexa na mesma terra dos predios colindantes cos que segue a confundirse, senón un firme asfaltado, como están o resto dos camiños dese núcleo rural e como estaba no seu día o camiño en litixio.

Ao tempo, veciños do lugar de A Veiga, correspondente á parroquia do mesmo nome, pediron ao Partido Popular que mediase para o acondicionamento da superficie de rodadura de dúas das pistas do lugar. Trátase da pista que vai dende o medio do lugar e que enlaza co viario que comunica os lugares de Santón (Goiás) e Lamas (Muimenta). Unha pista que dada a súa importancia debería acondicionarse con aglomerado. Ao tempo, solicitan tamén o acondicionamento en zahorra dun camiño que partindo da pista anterior, conduce ao regato que transcorre polo lugar. (Como se recolle no gráfico adxunto).



Por último, os veciños do lugar de Praduxao, na parroquia de Prado, solicitaron ao Partido Popular que propuxese ao goberno o ancheamento do acceso a este lugar que na actualidade é demasiado estreito e que complica o acceso de camiións de subministro de piensos e de recollida de leite e mesmo, nos últimos días, o do camiión de loita contraincendios para apagar un conato de lume. Neste ancheado faríase necesario non só a ampliación da plataforma de rodadura, senón tamén a construción dun muro de contención dos terreos dos predios colindantes por unha das marxes.

En base ao anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Que o goberno municipal elabore o correspondente proxecto e consigne a partida económica para acometer as seguintes obras:

- Asfaltado do camiño de Vilasoa.
- Reafirmado dos citados viarios no lugar de A Veiga, solicitados polos veciños desta parroquia.
- Ancheado do acceso ao lugar de Praduxao e construción do muro de contención na marxe dereita de acceso.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Os servizos xurídicos din que a sentenza está cumprida. Iamos abster.

Houbo un debate con Xosé Crespo Iglesias.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Reitera que os servizos xurídicos din que a sentenza está cumprida.

11.- EXPEDIENTE 5963/2017. MOCIÓN DO PP PARA A RECUPERACIÓN DO PROGRAMA DE INFRAVIVENDA MUNICIPAL NO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 20 de decembro de 2017 co número 10108. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 26 de decembro de 2017.

Dª Paz Pérez Asorey explicou que coa moción perseguían dous obxectivos: que se artellen as medidas que procedan para recuperar no vindeiro ano o Programa de Infravivenda Municipal coas mesmas condicións que fora convocado no ano 2015 e que se habilite unha partida igual ou superar á que se dotou no dito ano 2015. Lembrou que todas esas medidas estaban no programa do PP nas asadas eleccións municipais.

O fin é traelo. Logo se replantexou traelo como unha axuda, e o pleno aprobouno por unanimidade.

O Programa agora está sen efecto. Había iniciativas novidasas se necesarios recorrer aos veciños que non teñen ocasión o goberno dicía que eran unha prioridade a atenderen as familias e aos veciños. Sorprende que este programa polo tanto quedase sen efecto, aínda que ignoramos os motivos disto. Houbo e hai familias que necesitan estas axudas externas, en concreto para a vivenda. As familias que carecen de medios económicos para afrontar pola súa conta estas obra. Apelo á responsabilidade, porque este programa afectaba a urbanismo e tamén á area de servizos sociais compete.

Esperaba que houbera comprensión por parte do goberno. Reitou que o exposto na súa exposición ía nesa liña de axudar ás familiar, aínda que había tamén no eido das emerxencias algún tipo de axudas, pero limitadas.

Desde o grupo de goberno **D. Nicolás González Casares** estaba basicamente de acordo. Lembrou que o PP estivo moitos anos sen levalo a cabo e no ano 2015 empezou. Nos cando entramos non sabíamos nada. Non se dixo nada disto no

traspaso de poderes. Enterámonos que había vinte mil euros e puxémonos a traballar. Houbo que facer unhas bases crear unha comisión, no mes de agosto. Convocando, contratalo, e face obras antes final ano.

A Xunta recortou nesta liña de recortes. Hai moitos concellos nesta situación. O IGVS ten moitas vivenda baleiras, priorizou os fondos, cara captar vivendas en aluguer, con axudas. Nos creemos necesarios retomar, vía municipal e pola Xunta e Galicia, se non non habería axudas. Non recaer todo nos Concellos. Construír vivendas sociais. De tal xeito que en xaneiro do dito ano non había nada executado, o 100 % nada executado. Cando o goberno entrou sacou a solicitude antes do verano, de tal xeito que en 15 de setembro estaba cumprir o obxecto. Houbo cinco beneficiarios, que logo quedaron en catro. A xunta de Galicia. Recoñece ue este programa era descabellado, aínda que é prioritario para o goberno. Moitos concellos o tiñan en colaboración co IGVS cun cambio de liñas emendas.

Non todos os concellos teñen esta liña de axudas.

Citou que había un Plan Europeo de infravivendas que o Concello. Na solicitude esa tramitaba para aproveitar como vivendas, seis vivendas aluguer, branco as do Colexio Manuel Rivero, e que para poder axudas ás familias necesitadas o grupo de goberno tramitou unha modificación parcial do PXOM moitos anos feitas e non se fixo nada. Sei o que custa. Daquela *Román* anunciou vivendas sociais. Por distintas razóns non se fixo

Propuxo como transaccional substituír:

“Solicitar á Xunta de Galicia que o Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS) recupere ás axudas de infravivendas rural”.

Hoxe existían soamente no Camiño de Santiago para embelecer e adaptar as construcións ao entorno do camiño. Nos colaborar. Se aceptades, a favor.

Desde o PP, **D^a Páz Pérez Asorey** lembrou que desde o ano 2015 que daba base. Solidez, carencia outras AAPP non cubrir necesidade. non había nada neste eido no Concello. Había xa unha base. Houbo un cambio de goberno no previsto. Quedou traballo xa realizado. Convocatoria e como outras convocatorias reuniuse no mes de agosto. Era certo que o IGVS suprimiu as axudas que agora se querían recuperar. En realidade houbo unha diversificacións por parte do IGVS e da Consellería de Industria con outras axudas. Na actualidade hai axudas en materia de melloras enerxéticas e en reparación de vivendas, como melloras complementarias. Aceptaba a emenda transaccional do goberno municipal, pero co compromiso de que o que non asuma a consellería competente sexa o Concello que asuma este programa e que figure nos orzamentos.

Existen bases e programa específico do Concello, é unha competencia dos concellos de garantir que as persoas sen medios, esas condicións habitabilidade dignas. Acepta transaccional, conste compromiso, do grupo compromiso goberno de que asumido fondos propios, obxectivos moción, manter o programa.

De novo **D. Nicolás González Aller** dixo que se o IGVS e a Xunta de Galicia seguen sen recuperar o Plan de Infravivenda rural, o Concello asumiría este compromiso. Presenta como emenda á dita moción o seguinte texto:

Emenda: Solicitar á Xunta de Galicia que recupere o plan de axudas para infravivenda, de cidades de menos de cincuenta mil habitantes, ou axuda á vivenda rural.

Houbo de seguido un debate con D. Xosé Crespo, D. Nicolás González Aller, D^a Paz Pérez Asorey e o Sr. Alcalde sobre este tema.

D. Nicolás González Aller. Hai axudas, pero son de pequenas contías algunhas non chegaban a trescentos euros, para mobiliario fogar. Prioritario.

D^a Paz Pérez Asorey. Hai axudas de emerxencia. A partida específica de adaptación de obras é Insignificante. Por exemplo no mobiliario. Non chegan as cantidades.

D. Xosé Crespo Iglesias. En relación coa emenda transaccional. Engadir a ese punto tres que se non se atenden as peticións, que o Concello se comprometa a habilitar a partida correspondente para este fin.

D. Nicolás González Aller. Axudas enerxéticas.

Sometida a votación ordinaria a moción, a emenda e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O Concello de Lalín, dende principios de século, contou con sucesivos programas de infravivenda municipal, contando coa aportación das entidades supramunicipais. Programas encamiñados a axudar a paliar as necesidades de mellora das súas vivendas a persoas e familias en risco de exclusión social ou que pola súa capacidade económica non eran capaces de facer fronte aos gastos derivados da mellora das súas casas.

Coa cancelación dos programas supramunicipais, e ante a contrastada necesidade de manter en funcionamento no noso Concello un plan de axuda á modernización e acondicionamento de vivendas de familias con necesidades especiais, o grupo de goberno do Partido Popular fixo no pleno de xaneiro de 2015 unha modificación de crédito para dotar con 20.000 euros un Plan Municipal de Infravivenda 2015. Unha modificación de crédito que se aprobou por unanimidade e que se xustificaba do seguinte xeito na memoria correspondente:

Por parte da Concellería de Benestar e Emigración preténdense poñer en marcha o Programa municipal de Infravivenda e/ou mellora da habitabilidade de vivendas, co obxectivo de cubrir as necesidades de mellora da habitabilidade de vivenda e a erradicación de infravivendas situadas no Concello de Lalín, ó cal poderán acceder unidades de convivencia que reúnan determinados requisitos relativos á renda, dando prioridade a aquelas vivendas nas que residen menores, persoas maiores, con dependencia, discapacidade, etc., permitindo a estes colectivos residir na súa contorna habitual. Respecto deste proxecto, achégase ó expediente memoria

xustificativa da necesidade e conveniencia da súa implantación, para o cal é necesario dotar de crédito a correspondente aplicación orzamentaria por importe de 20.000 €.

Tras a tramitación da partida económica e da elaboración das bases, que se completou con anterioridade ao cambio de goberno, a liña de axudas foi publicada e activada coa publicación no BOP con data 10 de setembro de 2015.

Pese a estar contrastadas as necesidades da devandita liña de axudas, nos orzamentos dos anos 2016 e 2017, xa elaborados polo actual goberno e aínda cando argumentou ata a saciedade que a súa prioridade son os Servizos Sociais, desapareceu tanto a consignación económica como a convocatoria desta necesaria axuda.

Considerando a casuística de infravivenda existente no Concello de Lalín, e a necesidade de habilitar ferramentas que permitan ás familias con menos recursos dispor de solucións habitacionais nas melloras condicións posibles, e polo que o Partido Popular formula a seguinte proposta.

En base ao exposto **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Que se habilite unha partida igual ou superior á destinada en 2015 para a recuperación do Programa de Infravivenda Municipal.

Segundo.- Que se artellen todas as medidas necesarias para recuperar en 2018 o Programa de Infravivenda Municipal nas mesmas condicións que o convocado en 2015.

Terceiro.- Solicitar á Xunta de Galicia que recupere o plan de axudas para infravivenda de cidades de menos de cincuenta mil habitantes ou con axudas á vivenda rural.

En caso ou defecto non atender esta petición a Xunta de Galicia, o Concello comprométese habilitar partida ao efecto.

12.- EXPEDIENTE 5966/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVO AOS REGULAMENTOS DE RECOÑECIMENTO DE PREMIOS E DISTINCIÓNS POLO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada na oficina auxiliar de rexistro electrónico o día 20 de decembro de 2017 co número RE-511. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable** da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 26 de decembro de 2017.

Juan José Cruz García. Dada a importancia moción das dúas mocións e que últimos momentos e mañá acontecen cousas inusuais. Segue a xente facendo crítica ao edil non adscrito e no momento de traballo utiliza redes sociais, dubida da legalidade.

Retira as dúas mocións. Quere estruturalas e simplificalas.

Lalinenses do ano teño serias dúbidas o goberno non deixase ir adiante a moción, ríndose dos veciños, saltando legalidade. Non constan moita economía, podelas facer fácil. Ten que recorrer a informes do *Sr. Secretario* e á publicidade na prensa para ver que ten razón.

Chegado momento haberá que tomar serias decisións. Sei que temos na man máis poder co que parece. Hoxe farei un pleno de reflexión. Recollo a espada e retirar. 2 mocións. Vou falar co PP. Sei será difícil, na súa postura de intentar suave posible, non lles esixiré apoiar nada. Si expresar a miña vontade traer moción para poñer no seu sitio *Celso Taboada*, si quero que quero que se lle abra a *Celso Taboada* expediente uso persoal das redes sociais do seu despacho, redes sociais, comisións informativas ao Sr. Secretario o PP tivo a ben chamarlle a atención con todos os respectos, porque estaba facendo política. As mesmas familias de sempre instaladas en Lalín. Penso que son quen a censurar a quen espeta, que dicir que todos no seu sitio, restructurais e pensar co meu grupo de traballo e decidirei poñer nesta tesitura ao PP ou me dirixo aos servizos xurídicos. Si teño que falar co PP de cousas moi serias. Seus servizos xurídicos traballan a reo, se lles escapan.

Retiro as dúas mocións. Para min non teñen ningún carácter institucional ou administrativo os premios que se dan Non bromas. Estamos cansos, do aburrido destes plenos. Négame falar de sesións. Aviso para navegantes, ollo ao piollo, o pobo de Lalín canso e entendería calquera situación que poda acontecer. Bo Nadal. Pedir a funcionarios que fagan o seu traballo. Espero os informes pedidos e actuará cando os teña.

O Sr. Secretario. Eu soamente en relación coa moción. Fai referencia ao Pleno de 2016, de 29 decembro. Instábase a facer un regulamento orgánico. Entendo que politicamente se poden iniciar trámites, reprobado ao Alcalde e as posturas. Non facelo, a conclusión, reprobado, como conclusión política, e en todo caso regulamento alternativo.

D. Juan José Cruz García. Se quere debatemos a moción. Era unha moción sublime, moi preparada. Este vaguete político ten todo moi ben atado. Dáme igual a calquera persoas que se lle dean os premios. As leis hai que cumprilas. Hai outro regulamento do Pleno. Se quere debatemos.

D. Rafael Cuiña Aparicio: O Pleno dirixo eu. Fin cuestión. Pregunteille ao Secretario se estaban correctos os premios.

O Sr. Secretario. O do Punto 4. Instar ao Alcalde. Si estivo correcto este ano.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Non rogos e preguntas. Queda claro que os Premios lalinenses do ano están correctos.

D. Juan José Cruz García. Mentira. Iso é mentira.

D. Rafael Cuiña Aparicio: Discútao con el (co Secretario).

13.- ROGOS E PREGUNTAS

José Antonio Varela Quintela.-

1.- PREGUNTA.- Quedou limpa xa a parroquia de Vilatuxe tras o pasado temporal?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Todo se contestará por escrito.

D. Xosé Crespo Crespo.-

1.- PREGUNTA.- En relación cos Premio Lalinenses do ano, está de acordo en que como se celebrou estamos dacordo, tendo en conta que había un acordo municipal cos grupos e que había que ampliar ás asociacións e aos grupos políticos participación no mesmo.

Coa outra non estamos dacordo. Espero que a repense. Aceptamos pulpo como animal de compañía. Todo era un paripé, porque ignoran o acordo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, habendo un cordialidade co PP contou dicindo que se convocou este ano como todos os anos. Ampliamos aos alcaldes de barrio e con participación de políticos. Pregunto ao Sr. Secretario. Transmítese a súa opinión como funcionario. Este ano citaron ás asociacións.

D. Juan José Cruz García. É clave que este ano citastes ás asociacións. Expúlsame.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Rematado. Outro tema

D. Juan José Cruz García.-

Este ano non se cumpriu o acordo plenario. Expúlsame se é valente. É legal a convocatoria do premios Lalinenses do ano?. É legal porque metestes ás asociacións. Remata o Plenos se te atreves. Había que corrixir o que se realizou?.

D. Juan Cruz. García. Covarde.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non pasa nada. Da a situación política deste Pleno se non fan regulamento vostede, ao mellor facémolo nos e traémolo a este Pleno e aprobámolo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O mesmo sistema de sempre. O morro de sempre.

D. Xosé Crespo Iglesias. Crespo. Si no ano non se fai, a pesar de que coida que é vinculante, non hai problema, e para o ano traémolo nos. Lembra que eles tiñan a maioría absoluta. O goberno actual está en minoría. Sempre escúdanse en algo.

D. Rafael Cuíña Aparicio: Iso o facía vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias.- Diferencia. *Rajoy* negocia cos vascos e quen faga falta. Facíanos pedir decreto lei, levaría ao PP. Bus. Retomando. Faciamos o que podíamos, maioría absoluta. Minoría neste Pleno. PP somos moi bos. Politicamente. En nun ano non houbo regulamento. Despois propoñemos un regulamento novo, facemos nos e aprobamos.

D. Rafael Cuíña Aparicio: Contoulle a fábula e *Esopo* da rá e do escorpión. O escorpión pídelle á rana que o axude a cruzar o río. Accede a rá. E cando vai no medio do río e o escorpión pícao. A rá dille: por que me picas?. O escorpión responde: “é a miña natureza”.

D. Xosé Crespo Iglesias. Seina. Sábeno todos os do PP.

D. Xosé Crespo Iglesias. Di que iso o di ao final cando chegou ao outro lado. Se non, afogaban os dous.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Insiste en que o di á metade do camiño.

D. Xosé Crespo Iglesias. Era un cabalo e picouno no lomo do cabalo onde ía o escorpión.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Téñoa aquí a fábula. Dito iso, vostede ten un escorpión. Tan pronto poida, vailla picar. Falase de montar candidaturas que lle van prexudicar.

D. Juan José Cruz García. És un palanganas. Tes que facer unha fábrica de bacinillas para recoller todos os excrementos do Concello. És un palanganas.

1.- ROGO.- Pide ao goberno municipal que se documente sobre as propiedades municipais, e aos concelleiros responsables das áreas, lembrando algunhas instalacións municipais como eran os pavillóns municipais, en alusións ao tema do colexio Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe, para determinar se son ou non son, e tamén aos centros sociais nas distintas parroquias de Lalín, lembrando ao goberno que levaba xa tres anos deste que tomou posesión.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- Felicita ao edil delegado do Lalín Arena, *D. Nicolás González Casares* polas súas declaracións na prensa indicando que esta instalación xa estaba conseguida a autofinanciación. Isto chocaba co que antes se dicía de que era unha crítica ao PP, que era unha ruína. Eles cando estaban no goberno prevían conseguir esa equiparación entre ingresos e gastos no ano 2012..

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

PREGUNTAS.- Dirixidas a D. Fco. Xavier Vilariño Taboada.

1.- PREGUNTA.- Por que se inunda a zona das autocaravanas?. Pide tamén que se arranxe o filtro na zona das autocaravanas, para evitar esas aglomeración e inundacións de auga e para que non se volva a producir canda haxa escorrentías como a que tivo lugar estes días pasados.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- Estes días viron de día acendido o alumeado público na zona das autocaravanas. Ás veces estaban apagadas na zona da Ronda Leste sendo de noite. A que se debía? Era un fallo puntual ou era un problema do sistema?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

Dirixidas estas a o **Sr. Medela**.

3.- PREGUNTA.-Obras novas recentemente entregadas no tema do Auditorio? E obras novas tamén na Praza da Vila?

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntoulle se entraban tamén a falar da baldosa arranxada na rúa Matemático Rodríguez.

O Sr. Crespo Iglesias dixo que as pontes se debían construír por enriba do nivel que levan as augas.

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

O Sr. Alcalde tamén aproveitou para enviar as condolencias porque neste ano e xeito recente faleceron **D^a Amparo Arceo de la Fuente**, funcionaria municipal e axente notificadora e **D. Benito Silva Rico**, traballador do Concello que prestaron os seus servizos no estadio de fútbol Manuel Anxo Cortizo deste Concello.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCIA.-

1.- PREGUNTA.- Que dean resposta a tantísimas calumnias, que poden dar lugar a outra. Deberá responder delas?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- Foron calumnias as afirmacións do Sr. Alcalde en relación coa actuación do actual Presidente da AED cando era director dun banco?

O Sr. Alcalde-Presidente manifestou que respondería por escrito.

E, sendo as **once horas e trinta e oito minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas